

Meu querido profesor:

Tiven a sorte e o privilexio de ser alumna súa alá polos anos 70 na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago. Recórdoo dirixirse ao aula 3, co seu gran paraugas negro chorreando auga, chovía moito entón en Santiago, e a súa enchoupada gabardina....

Cunha inclinación de cabeza, saudaba aos presentes, rebuscaba entre os seus papeis un folio dobre, pasaba lista e recitaba un a un o nome de cada alumno. Esperaba resposta alta e clara...

Cando non a escoitaba ou percibía un rumor incerto, miraba por encima das súas lentes para cerciorarse de que non faciamos trampa, contestando polo ausente. Aquilo ía en serio, a asistencia era obligatoria.

E comezaba a clase: a maxia dun profesor con talento envolvíanos. Transmitía o seu amor por Galicia, pola súa beleza, os seus costumes. Poesía, lingua, literatura. Ensinábanos galego medieval "a fala dos devanceiros", nocións de filoloxía e lingüística... repetindo en numerosas ocasións ao longo da clase: *"falen ou idioma...falen ou idioma, sempre..."*

Trataba de contaxiarnos a súa devoción pola Cultura Galega tan pouco considerada e perseguida naqueles anos.

Pensador liberal, mantívose fiel ás súas ideas, sufrindo as súas consecuencias. Gran persoa. Home prudente, educado, discreto, estudioso, de mente elegante e sentimentos delicados ademais dunha marcada vocación de mestre.

Por todo isto hoxe, no seu día, quero dicirlle que todos os seus ensinamentos e o seu amor por Galicia, penetraron nos nosos novos corazóns e prendeu a chama. Os seus coñecementos e sabedoría marcounos, o camiño da Liberdade, a mesma que lle faltou a vostede nalgúns momentos difíciles da súa vida.

Rógolle, D. Ricardo, acepte este pequeno e humilde homenaxe que trato de dedicarlle, orgullosa de ter o privilexio de ser a súa alumna. Recórdoo con admiración e agarimo, moitísimo agarimo, querido profesor.

Moitas grazas por todo o seu legado, D. Ricardo..
Xa ve que non o esquecemos.

Mercedes Bueno